



CONTRATACIÓN DUN NOVO SERVIZO PARA COLEXIADOS/AS: PLATAFORMA VLEX TV DE VÍDEOS E WEBINARIOS EXCLUSIVOS PARA A AVOGACÍA

O Colexio de Avogados de Santiago de Compostela contratou coa editorial xurídica vLex os servizos da nova plataforma **vLex TV** (webnarios), que permitirá o acceso ilimitado a todos os colexiados e colexiadas a esta nova ferramenta de formación en liña. A plataforma ofrece contidos audiovisuais producidos pola editorial coa colaboración dos mellores expertos de cada área do dereito. **Os vídeos e webinarios tratan temas de máxima actualidade e ademais ofrecen para a descarga un amplo dossier con toda a documentación relacionada (lexislación, xurisprudencia, doutrina, formularios etc).**

A plataforma vLex TV está integrada por catro tipos de contido:

1. Actualidade xurídica

Vídeos ou webinarios de máis de 40 minutos, cunha periodicidade de publicación semanal, sobre dereito administrativo, civil, mercantil, laboral, fiscal e penal. En cada vídeo gravación analízase un tema de actualidade dende unha perspectiva normativa e xurisprudencial (acompañado dun amplo dossier documental coa lexislación, xurisprudencia, formularios etc., que se poderá descargar).

2. Webinarios prácticos e monografías

Contidos específicos sobre temas de especial interese (concursal, segunda oportunidade, cláusulas rebus, tarxetas revolving etc.)

3. Prácticos

Casos prácticos sobre temas de actualidade, acompañados dun completo dossier de lexislación, xurisprudencia e formularios.

4. Outros eventos e cursos

Nesta sección inclúense todos os cursos ou webinarios organizados polos colexios de avogados que teñen contratada esta plataforma.

Como acceder a este servizo:

A nova plataforma está dispoñible para todos os nosos colexiados e colexiadas a través da web colexial, accedendo ao apartado Base de datos – Biblioteca e despois á base de datos vLex.

— Servizos a colexiados/as (validación necesaria)

Usuario: núm. de colexiado/a

Contrasinal: núm. de DNI (sen puntos nin letra)

Bases de datos – Biblioteca



CIRCULAR INFORMATIVA 7/2021



Base de datos vLex

vLex TV

Para resolver calquera dúbida ou ampliar a información, poderase contactar co servizo de informática do colexio (Carlos Polo) ou coa secretaría técnica (Manuel Arza).

Outras bases de datos na web colexial:

- Global Economist & Jurist
- Thomson Reuters Aranzadi
- Tirant lo Blanch
- Biblioteca Online de Sepín
- Biblioteca CGAE